# Presentación telemática da solicitude e pago de taxas

Procedementos selectivos persoal docente non universitario (2024)

# Presentación telemática da solicitude:

## Paso 1. Logo de cubrir a solicitude e pechar a instancia, prema no botón Enviar á Sede Electrónica para Presentación

### Presentación telemática

**PRESENTACIÓN TELEMÁTICA. Pasos a seguir:**

**Importante:** A presentación telemática require que vostede dispoña dun certificado dixital, DNI electrónico ou Chave365.

- Premer o botón "Enviar a Sede Electrónica Para Presentación".
- Mostrarase en pantalla unha ligazón para ir á páxina da Sede Electrónica da Xunta de Galicia, onde poderá revisar o borrador da súa instancia.
- Ao premer nesta ligazón será redirixido á Sede Electrónica da Xunta de Galicia para que presente a súa instancia electrónicamente.
- Revisar, aceptar e asinar de modo electrónico a súa instancia na páxina da Sede Electrónica da Xunta de Galicia.

Modificar Axuda

Enviar A Sede Electrónica Para Presentación

### Creación de nova instancia

*Prema o seguinte botón se desexa crear unha nova instancia a partir desta. Poderá modificar os datos que considere na nova instancia.*

Crear

**Lembre: antes de enviar a solicitude á sede electrónica revise que todos os datos da solicitude están correctamente cubertos. Poderá crear unha nova solicitude premendo no botón Crear.**

# Presentación telemática da solicitude

## Paso 2: Prema no botón Ir á Sede Electrónica Para Presentación para acceder á sede electrónica da Xunta de Galicia



# Presentación telemática da solicitude

## Paso 3: Accederá a unha nova xanela para identificarse e acceder á sede electrónica



# Presentación telemática da solicitude:

Paso 4: logo de identificarse, poderá anexar a documentación que considere conveniente. A seguir, prema no botón Continuar para realizar o pagamento da taxa.




A sede electrónica ofreceralle neste paso a posibilidade de subir toda a documentación que considere conveniente achegar.

# Presentación telemática da solicitude:

Se está exento do pagamento da taxa por ser membro dunha familia numerosa especial ou ter un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, a ferramenta informática informaralle que está exento do pago e poderá premer no botón continuar para asinar e finalizar a presentación telemática da solicitude.



# Presentación telemática da solicitude:

Paso 5: logo de anexar a documentación, se é o caso, accederá a esta xanela onde figurarán xa cubertos os seus datos persoais e o importe da taxa. No caso de que algún dato non figure cuberto deberá enchelo. Logo de cubrir todos os datos prema no botón Iniciar o pago. **LEMBRE: o pago non estará dispoñible desde ás 24:00h ata as 3:00 h.**



Taxa

| Descrición | Importe (€) |
|---|---|
| Inscrición nas oposicións para a selección de persoal da Comunidade Autónoma. / SEDE_98427 | 38.02 |

Datos do suxeito pasivo

Nome/Razón social *Campo obrigatorio
Primeiro Apelido *Campo obrigatorio
Segundo Apelido
NIF *Campo obrigatorio
Teléfono
Correo Electrónico
Tipo de vía *Campo obrigatorio
Nome da vía *Campo obrigatorio
Número
Letra
Porta
Escaleira
Andar
CP *Campo obrigatorio
Provincia: Coruña (A)
Concello: Abegondo

☐ O representante é distinto do suxeito pasivo

☐ Utilizar o certificado electrónico durante o proceso de pago

Iniciar o pago

# Presentación telemática da solicitude:

## Pago telemático:

### Paso 6: Elixa o tipo de pagamento telemático **(recomendado)**



# Presentación telemática da solicitude:

Paso 7: Elixa o modo de pago: tarxeta/bizum e seleccione a entidade colaboradora: Abanca, Caixa Rural Galega, Caixabank, Caja Rural de Zaragoza, Correos ou Evo Bank. No caso de que non sexa titular dunha conta bancaria nestas entidades elixa Abanca.



# Presentación telemática da solicitude:

Paso 8: verifique os datos de pago (no exemplo amósame unha entidade colaboradora ficticia) e prema no botón Ingresar. **LEMBRE: o pago non estará dispoñible desde ás 24:00h ata as 3:00 h.**



# Presentación telemática da solicitude:

Paso 9: deberá elixir entre pago con tarxeta ou bizum e seguir os pasos que lle indica a ferramenta informática (o cadro que se amosa é unha simulación da ferramenta informática e a xanela que deberá cubrir pode conter campos distintos) **LEMBRE: o pago non estará dispoñible desde ás 24:00h ata as 3:00 h.**



# Presentación telemática da solicitude:

Paso 10: logo de elixir o modo de pago e realizar o pago segundo a modalidade (tarxeta ou bizum), a ferramenta indicaralle que o pagamento finalizou e que agarde á resposta de confirmación.



# Presentación telemática da solicitude:

Paso 11: verificado o pago, a ferramenta informaralle que o pagamento se realizou correctamente e poderá descargar o xustificante. Prema no botón Continuar.



# Presentación telemática da solicitude:

Paso 12: accederá de novo á sede electrónica onde lle figurará como estado:pagado e poderá descargar o modelo 730 acreditativo do pago da taxa. Prema no botón continuar para asinar e finalizar a presentación telemática da solicitude. **Lembre: a ferramenta informática non lle permitirá finalizar a presentación telemática se non consta realizado o pago da taxa (agás no caso de que estea exento do pagamento)**



# Presentación telemática da solicitude:

**Pago presencial:**

Paso 1: Se no paso 6 selecciona o tipo de pagamento presencial **(non recomendado)**

Descargue o documento de ingreso e acuda presencialmente á entidade colaboradora seleccionada a cal lle devolverá un número NRC identificativo do ingreso realizado co cal deberá retomar a operación telemática con posterioridade na sede electrónica ou na oficina virtual tributaria. Prema no botón Finalizar.



# Presentación telemática da solicitude:

**Pago presencial (non recomendado)**

Paso 2: acceda á sede electrónica e localice o borrador da súa solicitude que figurará en estado de pago iniciado. Introduza a data de ingreso e o NRC que lle facilitou a entidade bancaria e prema no botón Validar NRC.



# Presentación telemática da solicitude:

Pago presencial: unha vez validado o NRC, abrirase unha nova xanela que indicará que o pagamento está realizado correctamente. **Lembre: a ferramenta informática non lle permitirá finalizar a presentación telemática se non consta realizado o pago da taxa.**



# Presentación telemática da solicitude:

Paso 13: pode revisar a solicitude presentada antes de asinar e enviar premendo no botón Ver. Prema no botón Asinar e enviar que se amosa na marxe inferior dereita.



# PRESENTACIÓN TELEMÁTICA DA SOLICITUDE:

Paso 14: o último paso é asinar a solicitude coa Chave 365 ou certificado electrónico e finalmente poderá obter o recibo xustificativo da presentación.

**Lembre: a ferramenta informática non lle permitirá finalizar a presentación telemática se non consta realizado o pago da taxa (agás no caso de que estea exento do pagamento).**




*Aviso: é necesario ter instalada a aplicación Autofirma no caso de asinar con certificado electrónico.

*Se emprega Chave 365 introduza a contrasinal para asinar e presentar telematicamente a solicitude.

# PRESENTACIÓN TELEMÁTICA DA SOLICITUDE:

Paso 15: Logo de asinar e presentar a solicitude poderá descargar a solicitude asinada e o xustificante da súa presentación no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia co número que corresponda (no exemplo amósase un número de rexistro de entrada ficticio)



**Problemas co pago das taxas ou a presentación telemática da solicitude???**

**SERVIZO 012:**

Números de teléfono:

- Desde Galicia: 012 - 981 900 643
- Desde fóra de Galicia: 981 900 643
- Desde o estranxeiro: 00 34 981 900 643

CC BY SA

Correo electrónico: 012@xunta.gal

**OFICINA VIRTUAL TRIBUTARIA:**

https://ovt.atriga.gal/atendemos